

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2026

Con motivo do inicio da pretempada, antesala do regreso do equipo á ACB, despois de dous anos de ausencia

Os xogadores do Monbús Obradoiro pasan no Hospital HM Rosaleda o recoñecemento médico previo ao inicio da tempada

- A avaliación médica do cadro de xogadores forma parte da colaboración que HM Hospitales mantén desde hai máis de 15 anos como provedor médico oficial do Monbús Obradoiro
- As exploracións cardiolóxicas, realizadas polo cardiólogo Antonio Amaro, incluíron un electrocardiograma, un ecocardiograma e unha ergometría, ademais dunha análise completa, estudos fundamentais para avaliar o estado cardiovascular dos deportistas antes do regreso á cancha

O Hospital HM Rosaleda acolleu esta mañá a primeira xornada de recoñecementos cardiolóxicos do cadro de xogadores do Monbús Obradoiro con motivo do inicio da pretempada, antesala do regreso do equipo á ACB, despois de dous anos de ausencia. Os estudos enmárcanse no acordo polo que HM Hospitales é o provedor médico oficial do club compostelán, unha colaboración que se mantén desde hai máis de quince anos.

Alonso Faure, Brandon Childress, Felipe dos Anjos, Yunio Barrueta, Alejandro Galán, Alex Barcello e Olle Lundqvist foron os primeiros integrantes do primeiro equipo do Monbús Obradoiro en someterse aos recoñecementos cardiolóxicos no Hospital HM Rosaleda, mentres que mañá martes será a quenda de Sergi Quintela e Caleb Agada, á espera da chegada a Santiago do resto de integrantes do equipo. As exploracións, realizadas polo cardiólogo Antonio Amaro, incluíron un electrocardiograma, un ecocardiograma e unha ergometría, ademais dunha análise completa, estudos fundamentais para avaliar o estado cardiovascular dos deportistas antes do regreso á cancha.

A doutora Gema Castiñeiras, directora médica de HM Hospitales en Santiago de Compostela, subliñou a importancia da prevención e do diagnóstico precoz nos deportistas de elite, “non só para obter o mellor rendemento deportivo, que tamén, senón para evitar posibles consecuencias negativas na práctica deportiva de alta

competición, na que os xogadores levan o seu organismo ao límite. En HM Hospitales temos un compromiso profundo co deporte e estamos plenamente convencidos de que este ten que ir sempre da man da saúde. Por iso, poñemos á disposición do Monbús Obradoiro os mellores recursos técnicos e profesionais para asegurarnos de que os seus xogadores se atopan en condicións óptimas para a competición nunha categoría tan esixente como a ACB”.

Pola súa banda, Héctor Galán, director xeral do Monbús Obradoiro, explicou a importancia deste acordo de colaboración e de contar con grandes profesionais que supervisan o estado de saúde dos xogadores: “Xa son varios anos os que levamos da man de HM Hospitales, tanto á hora de comezar a tempada cos recoñecementos médicos como durante a tempada, cando algún xogador tivo algunha lesión. Ir da man deste gran equipo médico dános tranquilidade non só agora en agosto, senón durante todo o ano”.

HM Hospitales

HM Hospitales é o grupo hospitalario privado de referencia a nivel nacional que basea a súa oferta na excelencia asistencial, á que suma a investigación, a docencia, a constante innovación tecnolóxica e a publicación de resultados.

Dirixido por médicos e con capital 100 % español, conta actualmente con 7.500 profesionais que concentran os seus esforzos en ofrecer unha medicina de calidade e innovadora, centrada no coidado da saúde e do benestar dos seus pacientes e familiares.

HM Hospitales está formado por 55 centros asistenciais: 25 hospitais, 3 centros integrais de alta especialización en oncoloxía, cardioloxía e neurociencias, 5 centros especializados en medicina da reprodución, saúde ocular, saúde bucodental, medicina estética e cirurxía plástica e prevención precoz personalizada, ademais de 22 policlínicos. Todos eles traballan de maneira coordinada para ofrecer unha xestión integral das necesidades e requirimentos dos seus pacientes.

Actualmente, HM Hospitales en Galicia dispón de 4 hospitais con máis de 260 camas e 27 quirófanos que dan resposta a todas as especialidades médicas e cirúrxicas, e conta coa máis avanzada tecnoloxía de diagnóstico por imaxe. Destacan a UCI de adultos e neonatal, os servizos de urxencias 24 horas e urxencias pediátricas, a medicina nuclear e HM Fertility Center, entre outros. Estes recursos súmanse aos do resto do grupo no conxunto de España, todos eles coa maior cualificación técnica e humana.